

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI PLURILINGÜE JOSÉ GARCÍA GARCÍA
CURSO: 4º PRIMARIA
MATERIAS: CIENCIAS NATURAIS, CIENCIAS SOCIAIS,
MATEMÁTICAS, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ, PLÁSTICA E
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.
DATA:16/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de ciencias sociais.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e/ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico. Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
Comprender e interpretar os principais conceptos de ciencias sociais.	Define e comprende os principais conceptos de ciencias sociais.
Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación.	Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.
Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
Analizar informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	Analiza a información para ser capaz de realizar esquemas, resumos, gráficos, etc.
Planificar, ter iniciativa e autonomía na realización das tarefas.	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
Utilizar as nocións básicas de ciencias sociais para elaborar diferentes tipos de texto oral ou escrito, e aplicar coñecementos que adquire para poder transmitilos de forma correcta.	Manifesta habilidade para comunicar coñecementos de forma escrita ou oral.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de ciencias naturais.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	Identifica e valora as súas habilidades persoais. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferenza prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.
Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.	Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información
Comprender e interpretar os principais conceptos de ciencias naturais.	Define e comprende os principais conceptos de ciencias naturais.
Utilizar as nocións básicas de ciencias naturais para elaborar diferentes tipos de texto oral ou escrito, e aplicar coñecementos que adquire para poder transmitirlos de forma correcta.	Manifesta habilidade para comunicar coñecementos de forma escrita ou oral.
Planificar, ter iniciativa e autonomía na realización das tarefas.	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.	Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.
Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	Explica algunhas características e propiedades dos recursos naturais e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de matemáticas.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números.	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números naturais, utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras
Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución, etc. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.
Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.	Utiliza ferramentas tecnolóxicas para resolver actividades.
Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empreñando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións,

utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións.
Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de Matemáticas ou en contextos da realidade.
Profundar en problemas resoltos propoñendo pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc.	Formula novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, propoñendo novas preguntas, conectando coa realidade, buscando outros contextos etc.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de lingua galega e literatura.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	Participa nunha conversa entre iguais comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propias propostas. Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso.
Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e a entoación adecuadas a cada acto comunicativo.
Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo). Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade.
Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas.	Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información.
Ler, en silencio ou en voz alta, textos e obras en galego da literatura infantil, adaptados á súa idade e aos seus intereses.	Descodifica sen dificultade as palabras. Le textos e obras de literatura infantil en voz alta sen dificultade e coa velocidade adecuada. Le textos, adaptados á súa idade e intereses, en silencio e sen dificultade.
Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e comunicación.	Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo. Aplica, de forma xeral os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).

	<p>Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe.</p> <p>Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación redacción planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.</p> <p>Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.</p> <p>Aplica, de forma xeral os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).</p> <p>Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe.</p> <p>Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación redacción.</p>
Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...
Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado...
Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.
Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía.	Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital.
Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.	Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.
Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido.	Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais. Realiza o resumo dun texto sinxelo.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de lengua castellana.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender textos orales según su tipología: narrativos, descriptivos, informativos, instructivos y argumentativos, etc. y analizarlos con sentido crítico.	Responde de forma correcta a preguntas concernientes a la comprensión literal, interpretativa y crítica del texto, e infiere el sentido de elementos no explícitos en los textos orales.
Leer en voz alta diferentes textos, con fluidez y entonación adecuada.	Lee en voz alta diferentes tipos de textos apropiados a su edad con velocidad, fluidez y entonación adecuada.
Comprender distintos tipos de textos adaptados a la edad y utilizando la lectura como medio para ampliar el vocabulario y fijar la ortografía correcta.	Entiende el mensaje, de manera global, e identifica las ideas principales y las secundarias de los textos leídos a partir de la lectura de un texto en voz alta. Muestra comprensión, con cierto grado de detalle, de diferentes tipos de textos no literarios (expositivos, narrativos, descriptivos y argumentativos) y de textos de la vida cotidiana.
Producir textos con diferentes intenciones comunicativas con coherencia, respetando su estructura y aplicando las reglas ortográficas, cuidando la caligrafía, el orden y la presentación.	Escribe diferentes tipos de textos adecuando el lenguaje a las características del género, siguiendo modelos, encaminados a desarrollar su capacidad creativa en la escritura. Escribe textos usando el registro adecuado, organizando las ideas con claridad, enlazando enunciados en secuencias lineales cohesionadas y respetando las normas gramaticales y ortográficas.
Aplicar todas las fases del proceso de escritura en la producción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión y reescritura, utilizando esquemas y mapas conceptuales, aplicando estrategias de tratamiento de la información, redactando sus textos con claridad, precisión y corrección, revisándolos para mejorarlos.	Aplica correctamente los signos de puntuación, las reglas de acentuación y ortográficas. Reproduce textos dictados con corrección. Pone interés y se esfuerza por escribir correctamente de forma personal.
Cuidar la presentación de los trabajos escritos en cualquier soporte y valorar la lengua escrita como medio de comunicación.	Cuida la presentación de los textos siguiendo las normas básicas de presentación establecidas: márgenes, disposición en el papel, limpieza, calidad caligráfica,

	separación entre párrafos, interlineado...
Aplicar, de forma general, las normas ortográficas básicas y las de acentuación en particular, apreciando su valor social y la necesidad de ceñirse a ellas.	Conoce y utiliza las normas ortográficas básicas, aplicándolas en sus producciones escritas.
Usar el diccionario en papel o digital, con cierta autonomía.	Usa, con cierta autonomía, el diccionario en papel o digital.
Realizar el subliñado de las ideas principales de un texto sencillo y esquematizar y resumir su contenido.	Esquematiza las ideas de un texto sencillo, indicando las ideas principales. Realiza el resumen de un texto sencillo.
Utilizar las tecnologías de la información para obter información necesaria para a realización de sus tareas.	Utiliza, de forma guiada, las tecnologías de la información para obtener información.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de plástica.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, Afectivo e social.	Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores, etc.). Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.
Debuxar aspectos da vida cotiá.	Debuxa aspectos da vida cotiá.
Analizar as posibilidades de materias, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.	Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.
Participar e mostrar interese polas actividades propostas.	Participa nas actividades propostas e mostra interese por elas.
Presentar as tarefas con orde e limpeza e respectar as normas e indicacións establecidas.	Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de valores sociais e cívicos.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.	Razoa o sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.
Expresar opinións, sentimentos e emocións utilizando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.
Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	Valora as calidades doutras persoas. Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais.
Comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social empregando a capacidade de reflexión, síntese e estruturación.	Razoa o sentido da responsabilidade social e a xustiza social.
Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	Interacciona con empatía.
Practicar o altruísmo no contorno próximo sensibilizando sobre o seu valor.	Móstrase xeneroso no seu contorno próximo.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos e Instrumentos:</p> <p>Para valorar o traballo do alumnado usaremos os criterios de avaliación establecidos no currículo oficial. Así mesmo valorarase a participación nas actividades.</p> <p>Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas. Non obstante, daráselle prioridade a avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumnado. En ningún caso, este poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre.</p> <p>En cada materia calcularase a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación e, segundo a valoración das actividades realizadas no terceiro trimestre, poderase incrementar a nota.</p>
Cualificación final	<p>Segundo Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de curso una medida excepcional.</p> <p>Conseguentemente, promocionarán ao seguinte curso:</p> <ul style="list-style-type: none">. Todos os alumno/as que acaden cualificación positiva en todas as materias.. Dada a actual situación de excepcionalidade que afectou negativamente ao desenvolvemento do final do segundo trimestre e de todo o terceiro trimestre, dado que para o vindeiro curso todo o alumnado disporá dun informe individualizado onde se farán constar

aquelas competencias que aínda non están plenamente conseguidas e dado que os centros durante os primeiros meses do próximo curso deberán programar actividades para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas no curso anterior, tamén promocionará o alumnado, que non lograse os criterios e estándares de aprendizaxe do curso en dúas ou máis materias, e/ou que non alcanzara o grao de adquisición das competencias correspondentes, sempre e cando recuperara ó primeiro e o segundo trimestre.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso e reforzo dos contidos: fichas de traballo para afianzar os principais contidos das unidades e para desenvolver as competencias, así coma actividades e xogos interactivos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Deseñaremos e desenvolveremos propostas didácticas integradas, activas, contextualizadas, cunha finalidade e funcionalidade clara, que impliquen e posibiliten a activación da variedade de procesos cognitivos e contribúan e aseguren o desenvolvemento de todas as competencias.</p> <p>Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partírase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional.</p> <p>En todas as directrices anteriores poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada e, por tanto, a metodoloxía adaptárase á situación individual de cada alumno na contorna na que se atope durante o estado de alarma, propoñendo na medida do posible actividades globalizadoras e interdisciplinares.</p> <p>Tendo en conta o anterior, e que o Concello no que se atopa o centro facilita envíos de material aos domicilios de todo o alumnado, faranse todo tipo de actividades para adaptarse á conectividade ou falta dela.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Libro de texto . ➤ Láminas, mapas, gráficos, esquemas. ➤ Fichas para realización de distintas actividades en papel. ➤ TICS: dispositivos electrónicos para enlaces a webs, vídeos educativos e actividades e xogos interactivos.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O contacto e comunicación co alumnado e familias, igual que o envío de tarefas, faise por diversos medios en función da dispoñibilidade telemática de cada familia e alumno/a. Así empréganse basicamente: servicios de mensaxería instantánea, chamada telefónica, correo electrónico e a web do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA
CURSO: 4º PRIMARIA
MATERIA: RELIXIÓN
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN
DATA: 11/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
-Identifica que o mal nos afasta de Deus.	. Localiza e describe situacións de pecado .
-Escribe a ensinanza que ofrece o relato bíblico «Adán e Eva».	. Lembra situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.
-Sabe a duración do Advento e do Nadal. Enumera comportamentos que mostran como se debe celebrar o verdadeiro Nadal.	. Compara situacións persoais que sentiu a necesidade de ser perdoado.
-Expresa os verdadeiros motivos e mensaxes cristiás do Nadal.	. Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros.
-Explica a importancia de pedir perdón e perdoar.	
-Sinala un mal comportamento e o motivo polo que a persoa debe arrepentirse e pedir perdón.	

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>A observación na aula(SOAMENTE NO 1ºT /2ºT)</p> <ul style="list-style-type: none"> . Libreta do alumno(SOAMENTE NO 1ºT/2ºT) .A participación nas actividades realizadas na aula(SOAMENTE NO 1º/2ºT) .O interés mostrado pola materia .Observación do traballo do alumno a través do correo electrónico(SOAMENTE 3ºT) . Rexistro persoal
Cualificación final	<p>. Calcularase a media das cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliación e,segundo a valoración das actividades realizadas no 3º trimestre.Poderase incrementar a nota de acordo cas seguintes porcentaxes:</p> <p>20%= entrega todos os traballos cunha calidade aceptable 10%= entrega a metade do traballo cunha calidade aceptable 5%= entrega algún traballo cunha calidade aceptable</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <hr/> <p>Criterios de cualificación:</p> <hr/> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	. As actividades a realizar serán de repaso e reforzo do temario xa dado nos trimestres anteriores.Tomaremos como referentes aqueles obxectivos e competencias claves para a adecuada progresión do alumno e para a súa asimilación e que requiran a mínima intervención docente
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	. En ámbolos dous casos: Envío de fichas /Xogos interactivos/Videos relacionados con tema á páxina web do centro. Diálogo cos alumnos, sempre que a situación o permita
Materiais e recursos	. Diferentes libros de editoriais . Recursos interactivos de esas editoriais . Actividades de Relixión en internet para cada nivel . Actividades de reforzo e ampliación

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	. A través da web do centro . Teléfono a título persoal
Publicidade	. Páxina web do centro